



ESCOLA DA VIDA

Mestres interinos residentes

04.12.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Ás veces aos políticos hai que recoñecerlles que nalgunhas ocasións fan ofertas boas e dignas de estudo. Neste último caso atópase a que hai unha semana expuxo o vicepresidente Rubalcaba. Crear un Mir para os mestres non é desatinado porque hai que entender que a educación é a base na que se apousenta a transmisión da cultura dunha sociedade e desde a que se promove o seu progreso. Por iso, mellorar a calidade dos profesionais do ensino é un dos pasos que se ten que dar para favorecer a súa boa xestión. Tampouco é un asunto que non se teña proposto noutras nacións con notable éxito. Francia ou Finlandia veñen traballando durante décadas esta opción. Preparar aos futuros docentes españois da educación primaria por medio de prácticas de longo percorrido nos centros escolares é, no momento actual, algo moi conveniente por todos os cambios que se están dando na nosa cultura social como nas novas técnicas e tecnoloxías que se están a implantar nas escolas.

Moitas veces a formación dos mestres nas facultades de Educación está á marxe do realismo que se dá nas aulas. Aos seus alumnos ensínaselles a traballar máis cun neno-tipo que cun alumnado diversificado, máis con miras a un traballo individualizado que a un traballo en grupo, máis cunhas metodoloxías superadas que coas últimas novidades tecnolóxicas e editoriais.

Cando o futuro mestre entra por primeira vez na aula real atópase desbordado por aspectos que descoñece ou que simplemente interpretou doutro xeito. E cando sae da aula e inicia a súa interacción co resto do claustro séntese desprazado, observando que unha cousa é a teoría e outra é a práctica. Por todo iso, darlle un xiro de cento oitenta graos á formación dos primeiros docentes do sistema educativo é unha idea con moito calado. Canto máis se mellore o adestramento práctico dos mestres desde o primeiro momento, máis saberá o futuro docente se pode ou non ser competente para o que se vai enfrontar ao longo do seu futuro profesional e tamén mellor reaccionará á hora de acomodar as súas destrezas á súa tarefa cotiá. Iso levará implícito unha selección natural, e a posibilidade de ter un novo marco de valoración por parte dos responsables da súa avalicación que será máis obxectiva e computable que as simples probas escritas ou orais actuais..